

Desigualdade, pobreza e perda
de poder adquisitivo das rendas salariais
en España como consecuencia
da crise económica

*Inequality, Poverty and Loss of Purchasing Power of
Wage Income in Spain as a Result of the Economic Crisis*



JOSÉ PICATOSTE

Universidade Autónoma de Madrid

<xose92@gmail.com>

Recibido: 30/06/2016

Aceptado: 28/07/2016

Resumo

O obxectivo deste traballo é ver como as políticas de axuste que se puxeron en marcha por causa da crise económica trouxeron consigo unha forte diminución das rendas salariais en relación co produto interior bruto, así como un incremento do risco de pobreza e/ou exclusión social en España. Xa que logo, analízanse a desigualdade, a pobreza e a perda de poder adquisitivo das rendas salariais en España nos anos posteriores ao inicio da crise.

A superioridade das rendas salariais sobre as empresariais en relación co produto interior bruto de finais do pasado século desapareceu até se igualaren ambos os tipos de rendas. Como efecto da evolución destas variables macroeconómicas, o risco de pobreza e/ou exclusión social aumentou, e os máis castigados foron os menores de 16 anos e os desempregados. Cómpre salientarmos que o índice de pobreza e/ou exclusión social en España está situado entre os máis altos da Zona Euro, cun crecemento entre 2008 e 2014 tres veces maior á media da rexión.

Palabras chave: rendas salariais, beneficios empresariais, pobreza, desigualdade, exclusión social.

Abstract

The aim of this work is to analyse how the adjustment policies that were put in place because of the economic crisis lead to a strong decrease of the wage income when compared to the Gross Domestic Product (GDP). Also, it analyses how they meant an increase of poverty risk and/or social exclusion in Spain. Therefore, this work deals with inequality, poverty and the loss of purchasing power of wage income in Spain during the years that followed the crisis.

The superiority of wage income compared with the income of the firms in relation to gross domestic product at the end of last century has disappeared, and the participation of both incomes has become equal nowadays. As a result of the evolution of these macroeconomic variables, the risk of poverty and/or social exclusion has increased in Spain. The hardest hit has been experienced by children under 16 years old and unemployed people. Regarding Europe, it should be noted that the poverty rate and/or social exclusion in Spain is located among the highest in the Euro-zone, having increased three times more than the average in the region between 2008 and 2014.

Keywords: Wage incomes, Corporate profits, Poverty, Inequality, Social exclusion.


1. Introducción

Aínda que a cohesión social é unha das prioridades da maioría dos gobernos dos países desenvolvidos, en moitos deles as desigualdades están a aumentar, en particular tras o forte impacto da crise económica global, iniciada en 2008. A redución da actividade económica desde este ano xerou un aumento das diferenzas entre as rendas percibidas polos distintos axentes económicos, cuxa intensidade non foi homoxénea en todos os países. Os efectos da crise económica sobre o emprego, xunto coa capacidade redistributiva do sistema impositivo e a estrutura de protección social de cada país, están na orixe desas diferenzas, nalgunhas ocasións, de relevancia. Así, os indicadores de desigualdade no conxunto da Unión Europea non sufriron grandes oscilacións no período inmediatamente posterior ao comezo da crise, malia que o aumento da desigualdade nalgúns países, como en España, foi moi considerable (Ayala Cañón, 2013).

Neste traballo analízase a situación en España desde un punto de vista comparativo da evolución das rendas salariais e os beneficios empresariais, tomando en consideración o contexto territorial e as diferentes estruturas poboacionais. Comezamos cunha visión xeral dos cambios na distribución das rendas entre o traballo e o capital; a seguir examinamos a pobreza laboral que se orixinou en España como consecuencia da crise económica, desde a perspectiva da poboación que se atopa baixo o limiar de pobreza, con privación material severa ou con baixa intensidade de traballo; e, por último, valoramos o risco de pobreza e/ou exclusión social mediante o índice AROPE (*at risk of poverty and exclusion*) e presentamos algunhas conclusións.

2. Modificación na distribución da rendas entre o traballo e o capital


O crecemento das desigualdades como consecuencia da crise económica está cada vez máis presente na axenda dos grandes debates económicos. O informe elaborado polo Fondo Monetario Internacional en marzo de 2014 (FMI, 2014) demostra que na maior parte dos países en proceso de consolidación fiscal as fendas sociais se ensancharon, en particular en España, un dos países onde máis aumentaron as diferenzas entre ricos e pobres (Figura 1).

Figura 1. Efecto redistributivo dos axustes fiscais

Fonte: Mars (2014), con base en datos de Euromod e Eurostat.

En calquera caso, non é o mesmo pobreza que desigualdade: esta última pode aumentar en tempos tanto de bonanza como de crise e, de feito, desde 1990 incrementouse practicamente en todas as economías avanzadas e emerxentes de Europa, a pesar de que as taxas de pobreza se reduciron. Con todo, foron a crise e os axustes que comportou os que, definitivamente, dispararon o fenómeno. Unha análise dos vinte e sete procesos de axuste nas economías europeas elaborada polo FMI (2013) reflicte como a desigualdade entre os ingresos da cidadanía medrou durante os períodos de austeridade, unha tendencia en que España se colocou á cabeza. A crise causou unha maior fenda no índice de Gini, tal e como se comproba na Gráfica 1. Os datos correspondentes, ademais da porcentaxe de variación do devandito índice neste período, recóllense na Táboa 1.

Gráfica 1. Evolución do índice de Gini en España (2008-2013)



Fonte: elaboración propia con base en datos do INE dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

Táboa 1. Evolución do índice de Gini en España (2008-2013)

Ano	Índice de Gini	% Incremento
2008	32,20	—
2009	32,80	1,8634%
2010	33,40	1,8293%
2011	33,30	-0,2994%
2012	34,00	2,1021%
2013	34,60	1,7647%

Fonte: elaboración propia con base en datos do INE dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.


Nos últimos anos, as políticas salariais centráronse de forma exclusiva no obxectivo de reducir os custos laborais unitarios mediante a contención do crecemento das retribucións e o incremento da produtividade aparente do traballo, aínda que no tocante a este último factor se tratou dun incremento pasivo, isto é, aumenta a produtividade porque se destrúe emprego, non pola mellora real nos procesos de produción de bens e servizos. Por outra banda, a desvalorización salarial manifestouse en particular na forma de horas extras non cobradas, que medraron até un 28,5 % en 2013; ademais, o incremento do traballo non remunerado foi maior entre aquelas persoas que traballan a tempo parcial.

A Táboa 2 e a Gráfica 2 recollen información sobre a remuneración dos asalariados, o excedente de explotación bruto/renda bruta e os impostos netos sobre a produción e as importacións en España a respecto do produto interior bruto (PIB).

Táboa 2. Evolución da repartición da riqueza como proporción do produto interior bruto (PIB)

Ano	Remuneración dos asalariados	Excedente de explotación bruto/renda bruta	Impostos netos sobre a produción e as importacións
2000	49,53	40,54	9,93
2001	49,18	41,19	9,63
2002	48,72	41,58	9,70
2003	48,63	41,60	9,77
2004	47,69	41,87	10,44
2005	47,4	41,70	10,90
2006	47,3	41,44	11,26
2007	47,87	41,89	10,24
2008	49,43	42,11	8,46
2009	50,89	42,18	6,93
2010	50,1	41,25	8,65
2011	49,6	41,98	8,42
2012	45,76	45,14	9,10
2013	45,53	44,78	9,69
2014	46,94	43,28	9,78
2015	47,16	42,56	10,28

Fonte: elaboración propia con base en datos do INE dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

Gráfica 2. Repartición da riqueza en porcentaxe do PIB

Fonte: elaboración propia con base en datos do INE dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

O PIB do ano 2012 supón o cénit dunha traxectoria de máis de trinta anos de crecemento en España e no resto de Europa. Ao comezo dos anos oitenta, o total das rendas salariais supoñía o equivalente ao 53% do PIB español, en tanto que os excedentes brutos de explotación se mantiñan no 41% e os impostos sobre a produción supoñían aproximadamente o 6% restante. Na última década do século XX iniciábase unha tendencia ao descenso das rendas salariais fronte ao incremento das rendas empresariais. En 2012, este cambio de tendencia conflúe cara á igualdade na participación das rendas no PIB (véxase a Gráfica 2). As rendas salariais acadaron o 45,76% do valor engadido xerado pola economía española, mentres que os excedentes brutos de explotación chegaban ao 45,14%. Os impostos sobre a produción, cunha contía do 9,1%, completaban esta distribución do PIB.

Cando empezou a crise económica, e a maior destrución de emprego en décadas, deuse un efecto paradoxal: en 2008, 2009 e 2010 as rendas salariais gañaron peso fronte ás rendas empresariais. Dun lado, os asalariados soportaron mellor o primeiro impacto que o resto dos ocupados (autónomos incluídos); e, do outro, os salarios, pactados en convenios anteriores, seguiron crecendo mentres que os beneficios baixaban. No entanto, desde o comezo da crise, as rendas salariais perderon 5,36 puntos do PIB na repartición da riqueza nacional até 2013. A partir de 2014 parecen recuperarse algo, e no ano 2015 esta baixada sitúase nos 3,73 puntos do PIB. Pola contra, os beneficios empresariais gañaron aproximadamente 3 puntos nese mesmo período, aínda que na actualidade o devandito incremento acumulado é de ao redor de 1 punto desde o inicio da crise.

3. A pobreza laboral como consecuencia da desigualdade

Nas circunstancias descritas, a evolución das variables macroeconómicas fixo que o risco de pobreza en España aumentase, de acordo co índice AROPE, que se converteu no valor de referencia para medir a poboación en desamparo dunha sociedade. O devandito índice xorde dunha concepción multidimensional da exclusión social e da consecuente necesidade de lles prestar atención de maneira eficaz ás situacións de vulnerabilidade nas cales a pobreza, aínda que de grande importancia, é só un dos aspectos relevantes (Llano, 2015). Así, tal como explica o Instituto Nacional de Estatística de España (INE, 2016), combina elementos de renda e posibilidades de consumo e emprego. É dicir, combínanse, medidos en porcentaxe sobre o total da poboación, os seguintes factores:

a) Poboación baixo o limiar de pobreza

Considéranse en risco de pobreza as persoas que viven en fogares cunha renda (en que se inclúen as transferencias sociais) inferior ao 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo¹.


Para o ano 2014 (datos de 2013), a mediana² de renda equivalente foi de 13 268,8 €, polo cal, o limiar de pobreza fixase en 7961,3 €, é dicir, 663,4 € mensuais. Todas as persoas que viven en fogares cunha renda por unidade de consumo inferior a esa cifra son considerados pobres (véxanse a Táboa 3 e a Gráfica 3).

Táboa 3. Limiar do risco de pobreza en euros

Ano de realización da enquisa	2011	2012	2013	2014	2015
Ingresos do ano	2010	2011	2012	2013	2014
Fogares dunha persoa	8358	8321	8114	7961	8011
Fogares de dous adultos e dous nenos	17 551	17 473	17 040	16 719	16 823

Fonte: elaboración propia con base en datos do INE (ECV 2015) dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

Gráfica 3. Limiar do risco de pobreza en euros



Fonte: elaboración propia con base en datos do INE (ECV 2015) dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

¹ Unha unidade de consumo é unha persoa vivindo soa. Os restantes adultos son valorados con 0,5 unidades de consumo e os menores con 0,3 cada un. Por exemplo, un fogar con dous adultos e dous nenos ten $1 + 0,5 + (2 \times 0,3) = 2,1$ unidades de consumo equivalente. Os ingresos por unidade de consumo do fogar obtéñense dividindo os ingresos totais do fogar entre o número de unidades de consumo que o compoñen. Así, no exemplo visto, os ingresos divídiranse por 2,1 unidades de consumo.

² A mediana é o valor que, ordenando todos os individuos de menor a maior ingreso, deixa unha metade por debaixo do devandito valor e a outra metade por enriba. Por tanto, ao se tratar dunha medida relativa, o seu valor depende do nivel de renda e de como se distribúa a renda entre a poboación.

b) Poboación con privación material severa

Agrupa as persoas que viven en fogares que cumpren cando menos catro destas nove condicións:

- 1) Non poden permitirse ir de vacacións cando menos unha semana ao ano.
- 2) Non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cando menos cada dous días.
- 3) Non poden permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada.
- 4) Non teñen capacidade para afrontar gastos imprevistos.

Considérase a capacidade que ten o fogar para facer fronte a un gasto imprevisto contando unicamente cos seus propios recursos, é dicir, sen acudir a préstamos ou compras a prazos para afrontar os gastos habituais que antes se liquidaban en man. O importe do gasto vai revisándose cada ano a partir da evolución do nivel de ingresos da poboación. En 2015 (ingresos de 2014) o devandito importe situouse en 650 €.

- 5) Tiveron atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer; recibos de gas, comunidade etc.) ou as compras a prazos nos últimos doce meses.
- 6) Non poden permitirse dispoñer dun automóbil.
- 7) Non poden permitirse dispoñer de teléfono.
- 8) Non poden permitirse dispoñer dun televisor.
- 9) Non poden permitirse dispoñer dunha lavadora.

c) Poboación con baixa intensidade de traballo por fogar


Son os fogares con membros en idade de traballar que o fixeron menos do 20% do total do seu potencial de traballo³.

De acordo cos resultados da enquisa de condicións de vida (ECV) do INE, que ofrece información sobre os ingresos medios dos fogares en 2014 en España, o ingreso medio neto anual por fogar situouse en 26 092 €, cunha diminución do 0,2% respecto do ano

³ Por exemplo, nun fogar con dous adultos, se só traballa un deles a xornada completa, a intensidade do traballo é de 0,5; se traballan os dous a xornada completa é de 1; e se un dos adultos traballa a media xornada e o outro a xornada completa, a intensidade de traballo é de 0,75.

anterior. Pola súa banda, o ingreso medio por persoa alcanzou os 10 490 €, unha cifra 0,3 puntos superior á rexistrada o ano precedente. A diferenza da evolución entre o ingreso por fogar, que diminúe, e o ingreso por persoa, que aumenta, explícase pola redución do tamaño medio do fogar, como se comproba na Gráfica 4.

Gráfica 4. Evolución dos ingresos medios por fogar e por persoa




Fonte: elaboración propia con base en datos do INE (ECV 2015) dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

En España en 2015 (datos de 2014) había máis de trece millóns de persoas en risco de pobreza ou exclusión social, concretamente o 28,6% da poboación. Iso implica que desde 2009 a cifra se incrementou en 3,9 puntos e contra dous millóns de persoas viron como se degradaban as súas condicións de vida até se desprazaren cara ás capas máis desprotexidas da sociedade. En especial entre 2009 e 2012, pola vaga de despedimentos que sacudiu a economía española. De por parte, un 2,2% da poboación sofre os tres factores de desigualdade, isto é, desemprego, pobreza e privación material (véxase a Figura 2). Trátase de algo máis dun millón de persoas que se atopan na peor situación económica e social posible.

Por idade, o grupo máis castigado é o dos menores de 16 anos. Ademais, demostrase que o emprego non é unha garantía fronte á vulnerabilidade social, pois á volta dun 11,7% da poboación ten un traballo ou unha pensión e é pobre.

Figura 2. Intersección de compoñentes



Fonte: INE (2016).

4. Valoración do risco de pobreza ou exclusión social de acordo co índice AROPE


O índice AROPE, en relación coas tres situacións máis destacadas en que se atopa a poboación, desde un punto de vista laboral (ocupada, parada ou xubilada), mostra que o colectivo con maior risco de pobreza ou exclusión social é o das persoas desempregadas: máis do 60% está en situación de risco, é dicir, tres dos cinco millóns de parados, aproximadamente.

a) Análise poboacional

En 2008, a taxa de risco dos desempregados era do 42% aproximadamente, mais en 2014 chegou ao 60%, o que supón un forte incremento en seis anos. A razón dese maior risco está na xeneralización do paro de moi longa duración e o esgotamento das pensións contributivas: pasados dous anos xa non se ten dereito a gozar delas e a axuda asistencial a que pode accederse posteriormente, segundo os casos, pola súa contía, de algo máis de catrocentos euros no momento de escribir este traballo (inicios de 2016), coloca as persoas que a reciben por debaixo do limiar de pobreza. Xa que logo, é a deterioración na cobertura aos desempregados o que empeorou a situación. En 2008 a taxa de cobertura era do 70% e en 2014 baixou até o 58%; ao mesmo tempo, o peso das prestacións contributivas pasou do 70% en 2008 ao 46% en 2014.

Canto aos ocupados, vese que case o 18% das persoas con emprego ten ingresos tan baixos que se sitúa en situación de risco ou exclusión social. A causa deste empeoramento é a desvalorización salarial, producida tanto pola redución dos salarios reais como polo aumento do traballo a tempo parcial (Picatoste, Ruesga-Benito e González-Laxe, 2016). Son os pensionistas os que teñen menor risco de pobreza, alén de que a súa taxa de risco mellorou de forma sensible coa crise económica. Se en 2008 o 23,5% de encontraba no limiar da pobreza, esta cifra descendeu até o 12% en 2014. O mantemento das pensións antigas e o aumento das novas, nun escenario de caída de rendas no resto da sociedade, traducíuse nunha mellora da posición relativa deste colectivo (véxase a Gráfica 5).

Gráfica 5. Índice AROPE dos distintos segmentos poboacionais



Fonte: elaboración propia con base en datos do INE (ECV 2015) dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.


Unha perspectiva dinámica da evolución da situación de risco de pobreza ou exclusión social, tomando en consideración o índice AROPE, témola na Táboa 4 e na Gráfica 6.

Táboa 4. Evolución do risco de pobreza ou exclusión social de acordo co índice AROPE. Poboación incluída en cando menos un dos tres criterios do risco de pobreza ou exclusión social por grupos de idade (%)

Ano de realización da enquisa	2011	2012	2013	2014	2015
Ingresos do ano	2010	2011	2012	2013	2014
TOTAL	26,7	27,2	27,3	29,2	28,6
Menos de 16 anos	31,6	31,4	31,9	35,4	33,4
De 16 a 64 anos	27,0	29,0	29,5	32,0	31,6
65 e máis anos	21,2	16,5	14,5	12,9	13,7

Fonte: elaboración propia con base en datos do INE (ECV) dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

Gráfica 6. Dinámica da pobreza ou o risco de exclusión en España



Fonte: elaboración propia con base en datos do INE (ECV) dispoñibles no enderezo web <www.ine.es>.

b) Análise territorial

A situación é heteroxénea do punto de vista territorial, como consecuencia das diferenzas no PIB, mais tamén das políticas sociais e de protección das distintas comunidades autónomas. Así as cousas, os ingresos medios anuais máis elevados correspondentes ao ano 2014 déronse no País Vasco (13 836 € por persoa), a Comunidade Foral de Navarra (13 300 €) e a Comunidade de Madrid (12 534 €). Pola súa vez, os ingresos medios anuais máis baixos rexistráronse na Rexión de Murcia (7924 € por persoa), Andalucía (7942 €) e Estremadura (8469 €).


Canto ás taxas de risco de pobreza, as máis elevadas corresponderon a Andalucía (35,7%), a Rexión de Murcia (31,8%) e Estremadura (29,0%), como acabamos de ver, aquelas comunidades en que os ingresos medios anuais foron máis baixos. As taxas de risco de pobreza máis baixas pertenceron á Comunidade Foral de Navarra (9,6%), o País Vasco (10,9%) e Cataluña (13,9%).

No tocante ao índice AROPE, os seus valores van desde case o 48% na cidade autónoma de Ceuta e o 45% na Rexión de Murcia, até pouco máis do 14% e do 15% na Comunidade Foral de Navarra e o País Vasco, respectivamente. É dicir, a desigualdade na incidencia da taxa maniféstase en 30 puntos porcentuais de diferenza entre comunidades.

c) Análise contextual

Na contorna europea, segundo datos de Eurostat (2014), a situación é a reflectida na Gráfica 7.

Gráfica 7. Situacións de risco en Europa (2013 e 2014)




Fonte: elaboración propia con base en datos de Eurostat (2013) dispoñibles no enderezo web <<http://ec.europa.eu/eurostat>>.

Segundo os últimos datos dispoñibles en Eurostat (2014), o índice AROPE en España sitúase entre os máis altos da Zona Euro, xa que chega ao 29,2% fronte ao 23,5% de media. Daquela, só superan o noso país en materia de risco Grecia e Letonia, que xunto con España, Portugal e Italia conforman o grupo de países con peor índice AROPE na Zona Euro. No extremo contrario temos a Francia, Holanda e os países nórdicos (véxase a Gráfica 8).


Eurostat (2016) tamén nos proporciona a cifra absoluta de persoas que estaban en situación de risco de pobreza ou exclusión social en 2014, que ascendeu a 77,8 millóns de persoas. A taxa de risco de pobreza en España xa era alta antes da crise, mais a partir de 2008 a situación agravouse, o que se manifestou nun incremento do índice AROPE, que pasou do 23,8% en 2008 ao 29,2% en 2014; é dicir, sufriu un aumento de 5,4 puntos en seis anos. Neste mesmo período, o índice para o conxunto da Zona Euro tamén medrou, malia que o fixo cunha intensidade moito menor, xa que pasou do 21,7% ao 23,5%, o que supón un incremento de 1,8 puntos. Como pode observarse na Gráfica 9, o indicador de pobreza creceu en España tres veces máis que a media da Zona Euro.

Gráfica 8. Valores do índice AROPE



Fonte: elaboración propia con base en datos de Eurostat dispoñibles no enderezo web <<http://ec.europa.eu/eurostat>>.

Gráfica 9. Comparativa España-Eurozona da evolución do índice AROPE



Fonte: elaboración propia con base en datos de Eurostat dispoñibles no enderezo web <<http://ec.europa.eu/eurostat>>.

5. Conclusións

A globalización da economía iniciou un proceso de crecemento das desigualdades, as cales ademais se acentuaron como consecuencia da crise económica e os axustes realizados. A comezo dos anos oitenta o total das rendas salariais supoñía un 53% do PBI,

mentres que as empresariais constituían o 41%. Nos anos 2012 e 2013 practicamente se igualan e ambos os tipos de rendas pasan a representar, aproximadamente, un 45% do PIB. Como consecuencia da evolución destas variables macroeconómicas o risco de pobreza ou exclusión social aumentou.

En España en 2015 (datos de 2014) contabamos con ao redor de trece millóns de persoas (un 28,6% da poboación) nesta situación, cos menores de 16 anos e os desempregados como os máis castigados no seo deste grupo. A situación tamén varía de acordo coa perspectiva territorial polo motivo de que o PBI é diferente nas distintas comunidades autónomas, e tamén as políticas sociais e de protección.

Por último, en relación con Europa, cómpre destacarmos que o índice de pobreza ou exclusión social en España está situado entre os máis altos da Zona Euro. Entre 2008 e 2014 aumentou tres veces máis que a media da rexión.

Referencias bibliográficas

AYALA CAÑÓN, L. (2013) «Crisis económica y distribución de la renta: una perspectiva comparada» *Papeles de Economía Española* 135, pp. 2-19.

EUROSTAT STATISTICS EXPLAINED (2016) [en liña] *People at risk of poverty or social exclusion*. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/Zde3v9>>.

EUROSTAT STATISTICS EXPLAINED (2014) [en liña] *Europa in figures - Eurostat yearbook*. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/l3CKu3>>.

FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (FMI) (2014) [en liña] *Perspectivas de la economía mundial al día. Actualización de las proyecciones centrales*. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/0755Bi>>.

FONDO MONETARIO INTERNACIONAL (FMI) (2013) *Perspectivas de la economía mundial. Esperanzas, realidades, riesgos*. Washington DC, Fondo Monetario Internacional. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/3dDS3G>>.

INSTITUTO NACIONAL DE ESTADÍSTICA (INE) (2016) «Encuesta de Condiciones de Vida (ECV). Resultados definitivos» *Notas de prensa* 24/05/2016. Dispoñible no enderezo web <<https://goo.gl/zsji8G>>.

LLANO, J. C. (2015) [en liña] *El estado de la pobreza. 5.º informe. Seguimiento del indicador de riesgo de pobreza y exclusión social en España. 2009-2014*. Disponible no enderezo web <<https://goo.gl/WQxVzS>>.

MARS, A. (2014) «España sufre el mayor aumento de la brecha social en Europa por la crisis» *El País* 13/03/2014.

PICATOSTE, J.; RUESGA-BENITO, S. e GONZÁLEZ-LAXE, F. (2016) «Economic sustainability and possibilities of action for the states, in the case of monetary integration: some notes for reflection» *Progress in Industrial Ecology, an International Journal* 10(1), pp. 16-33.

